MANUEL ANTONIO E A SÚA CORRESPONDENCIA

CARMEN MEJÍA
Universidad Complutense de Madrid

Para Inés Canosa

Cando me chamaron para participar neste encontro da Consellería de Cultura inmediatamente dixen que sí, xa que Manuel Antonio é uns dos poetas que máis me interesou do seu tempo. Hoxe xa contamos con importantes estudios sobre a súa poética, cousa que hai tempo non era así. Os invitados a este encontro teñen libros que enfocan a súa poesía desde diferentes perspectivas. Como a miña intervención é participar nesta mesa redonda pensei que podería ser interesante abordar a Manuel Antonio desde a súa correspondencia. Xa no ano 1993 participei nas *Jornadas de lenguas y literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, organizadas polo Departamento de Filoloxía Románica da Universidade Complutense de Madrid e a Facultade de Humanidades da UNED de Madrid e fixen un artigo sobre a correspondencia de Manuel Antonio. Entón interesoume moito e dexei como asignatura pendente a súa continuación. Precisamente este encontro fíxome volver á correspondencia do noso poeta.

Moitas son as facetas que se poden abordar desde este epistolario que abarca desde 1917 ata 1929 e que o profesor García-Sabell publicou na Editorial Galaxia no ano 1979.

Nesta pequena intervención interésame centrarme na visión que o poeta ten de Galicia e a súa proxección tanto política como literaria.

Manuel Antonio con tan só dezanove anos (1919) (Axeitos: 2000) escribe xunto a Rafael Dieste, a través de Castelao, a D. Vicente Risco o día 12 do San Martiño, a quen, despois dunha conferencia na que propuña *a autonomia en aspirazón de dominio espritoal* (p. 50) lle piden que *esa ideia de civilizazón atlántica con selo galego* exposta verbalmente a desenvolva por escrito. *Deste xeito* —engaden os firmantes— *teríamos fortes armas pra colaborar con vostede na propagazón de tan outa arela* (p. 51).

A contestación de Risco non tarda. Estamos en realidade no momento de xestación do libro de Risco sobre *o galeguismo* e na carta que lles escribe o día 15 de San Martiño Risco fala da *Teoría do galeguismo* e moi esquemáticamente expón as bases do seu pensamento (pp. 52-54) que xustifica desde a perspectiva científica desta meneira:

> *Somentes lles direi qu´o que se desprende da nosa posición geográfica no Atlántico,é ben craro para Vdes.; qu´o noso celtismo está hoxe demostrado pol-as investigaciós do alemán Schulten, o que fixo excavaciós en Numancia, cuias teorías cada día mais vai confirmando a Arqueoloxía; qu´o noso chao está tamén ben carauterizado nas súas diferencias d´outras terras hespañolas nos estudios p. ex. d´Hernández Pacheco, Dantín Cereceda, etc. Qu´a nosa historia da Eda Medea líganos mais con Portugal que con Castela, i-as nosas condiciós*

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)

> *sociaes tamén. E do sentimento i-a mentalidade, xa non quero falar, porque non teñen nin miga d´ibéricos* (p.54).

Rafael Dieste e Manuel Antonio manifestan a súa satisfacción nesta resposta a Risco:

> *A súa resposta sintética e quente, afincounos mais n´idea d´unha civilización galega de significazón universal. Os instintos de loita as arelas creadoras reloucan xa na nosa y-alma por manifestarse d´un xeito amplio e fecundo en aras de tan outo motivo.*
>
> *Xa temos un estímulo fondo e noble, pra estudar a Galicia, e cultivarnos e ser bós soldados y-escultores ó servicio d´o porvir de Galicia* (pp. 54-55).

Constatamos con estas cartas a amistade de Rafael Dieste e Manuel Antonio e a súa inquedanza cara o porvir de Galicia, sempre dispostos a loitar enfervoadamente pola Galicia Universal. Feito que é anovador nestes tempos en Galicia, xa que ainda o rexionalismo das Irmandades seguía vixente.

Doutra banda, atopamonos con outra faceta, a literaria. No ano seguinte ,1920, Risco escribe ó noso poeta, o día 17 de febreiro, e xa destaca esa búsqueda individual da poesía de Manuel Antonio:

> *Sigo con atención o labore seu. Vde. anda a buscar unha forma propia, y-eso está ben. O que lle non podería perdoar sería que buscase, torto ou direito, simplesmente a orixinalidade....Sexa independente d´escolas e de novedades, e siga o seu camiño con sinxeleza.*
>
> *Góstame ben atopar a suas cousas cheas de novedade, anque nonas aprobaría todas —non polo seu valor, senon pola sua tendenza,enténdame ben.*
>
> *Premítome decirlle estas cousas,cecais somentes porque nacín dediante. Aprecie n-elas a miña boa vontade y-o meu desexo de velo progresar e destacarse* (p. 68).

Pode resultar chamativo o apoio de Risco pero se debe entender como unha forma de alentar ós novos, non a calquera pero sí os valiosos aínda que estean lonxe do seu conservadurismo posterior. Isto pode entenderse como unha clara necesidade de innovación que xa Risco veía para que Galicia puidese porse ó nivel europeo pero sempre desde o propio. Nesta liña Victoriano Taibo di a Manuel Antonio na carta que lle escribe o 27 de abril de 1920: *A por de vostede eu son un vello e un desorientado. Os meus versos ulen a clásico que da pena* (p. 70).

Estamos no momento da eclosión dos ismos (Román Raña 1989: 15-23) e o noso poeta pide a Risco que lle informe de todos estes movementos (14-setembro-1920, p.74). Un mes despois, Risco contéstalle dándolle unha amplia información ó respecto mais facéndolle as seguintes apreciacións:

> *Hoxe, os galegos, escribindo no noso idioma, principiamos a nos abrir camiño no mundo, sen necesidá d´andar buscandolle cinco pés ó gato con ismo de ningunha clás. Mais como compre qu´esteamos enterados de todo, que non sexamos alleos ó mundo d´afora, por iso me teño dedicado a espallar isas cousas na nosa Terra.....*
>
> *Moi ben que queiramos faguer cousas novas —sempre drento do noso— pro cando as fagamos, non sexan com´as fan en Londres, nin en Paris, nin en ningures, senon coma nonas haxan feito ainda en ningunha parte do mundo.*

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)

> *Coñezo algús poemas seus pubricados en A NOSA TERRA, e vexo n´eles un temperamente verdadeiramente lírico e mais unha ansia loubabel de novedade* (p. 77).

O enfervoado espíritu galeguista do mozo Manuel Antonio vislumbrase nunha carta que dirixe ó seu curmán (25 de abril de 1921), na que dá noticia de ter coñecido a Risco, Cabanillas, López Abente, ós irmáns Villar Ponte, Blanco Torres e a outros máis, esta aproximación supuxo para o poeta:

> *un enfortecimento da miña fé patriótica y-o convencimento de qu´estamos arrodeados de xente que val moito e que fai d´amistade e da afabilidade un culto* (p. 95).

O poeta intenta aproxima-lo seu curmán ó nacionalismo, di así:

> *Eu tería unha fonda ledicia si soupese que tí simpatizabas connosco. A tua hestoria y-a tua ideoloxía que eu conezo ben, non me consinten ver en tí a un enemigo nin moito menos: en troques, cóidoche moi preto de nós. E (...) tí serías un apostol mais* (p. 95).

Ademais fala da obsesión de Roxelio pola Pedagoxía e argumentalle que o fundamento ideolóxico dos nacionalistas está

> *na negación da uniformidade.,¿tí non coidas que n´o teu campo hai que ter un criterio somellante?...En definitiva ¿non hai que pensar que o Enseño y-Educación n´a Terra teñen que ter certos carauteres difrenciás pra que sexan eficaces?..... Fai pedagoxía Galega: esto é todo o que quero dicirche. E pra iso vente connosco* (pp. 95-96).

Este proselitismo galeguista co seu curmán manifesta esa paixón que o noso poeta tiña cara o nacionalismo galego e o seu afastamento de todo o castelán:

> *Unha das cousas que mais me fan odiar todo castelanismo é o lento asesinato que comete con todo o noso, e cuio exempro mais patente é a fala. Caso iste que é o que mais de preto me toca* (1-Maio-1921, p. 101).

O convencimento de Manuel Antonio cara á súa terra patentízase na carta que o 24 de maio de 1921 escribe como resposta a Roxelio e na que ese amor á terra fusíonase coa súa personalidade:

> *Repara en que eu, si son algo, son individoalista. Mais: Primeiro que todo Eu. A mín estame facendo a reo, todol-os días, a miña Terra. Logo a primeira razón d´o meu ser está n´a miña Terra. Logo: TERRA SUPER OMNIA* (p. 104).

Fragmento que nos lembra o poema Excelsior (Manuel Antonio:1993: 47), con ese eu son reiterado en cada un dos puntos cardinais nunha lingua distinta: desde o latín, lingua nai, ó francés e ó inglés e no norte o galego, que reflicte o individualismo manuelantoniano personificado na rosa dos ventos que para o mariñeiro é fundamental na súa travesía e para Manuel Antonio personificación da súa individualidade estética e galeguista, polo tanto poderíase dicir que é vital na súa existencia. Se os postulados

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)

estéticos e nacionalistas ou galeguistas en noso poeta están claramente vencellados desde unha idade tan temprana, 21 anos son os que ten Manuel Antonio, ó longo do tempo faránse mais fortes. A súa correspondencia fanos esquecer ás veces o novo que é o noso poeta, xa que sembla unha persoa dabondo instalada no seus principios. A súa seguridade no pensamento galeguista contrasta coa pesquisa que está a facer Rafael Dieste:

> *...intento topal-axeitada eispresión d´algunha gran fe agachada que naceu conmigo, que non sey onde me leva nin cando deixará cael-os velos que a cobren pr´amostrar a suas liñas puras douradas por un rinte sol mañaneiro* (p. 98).

Desde esta pespectiva interésame destaca-la postura anticastelá do noso poeta e que se reflicte na carta que escribe a V. Taibo o día 1 de maio de 1921:

> *Unha das cousas que mais me fan odiar todo castelanismo é o lento asesinato que comete con todo o noso, ecuio exempro mais patente é a fala. Caso iste que é o que mais de preto me toca* (p. 100).

Actitude que contrasta de novo coa de R. Dieste:

> *Eu aspiro a que Galicia done a España os mellores artistas, os mellores gobernantes, os mais fortes homes de cencia. Eisí sinto eu o patriotismo como español e como galego (...)*
>
> *O odio a Castela peréceme un sentimento probe y-escuro. Eu penso que poderei contemprar d-un xeito patriótico a terra castelán. se non son seu fillo son seu neto, pois son en gran parte fillo d-unha cultura nada alí. Ademais é a terra d-os nosos cooperadores, d-os nosos compañeiros de aventuras. España é un país novo, cheo de posibridades que han de sorprender ó mundo. O mar dourado cabrilea en torno seu* (pp. 111-112).

Desde esta postura persoal, onde se conxugan ambas culturas, Manuel Antonio mantén a súa paixón incondicional por Galicia:

> *De calquer xeito ten en conta que a miña razón básica será sempre: TERRA A NOSA! Terra ceibe!* (p. 108).

Creo que desde estas liñas da correspondencia do noso poeta pódese ver que o noso persoeiro móvese coa inquedanza dun mozo que desexa un cambio en Galicia e no galeguismo atopa a vía non só de autoafirmación persoal senon tamén social, e loita totalmente convecido pola causa galeguista do momento.

Doutra banda atopamos a inquedanza estética. Nunha carta a V. Taibo (1 de maio de 1921) escribe o seguinte:

> *En primeiro termo eu son un rapaz. E ós rapaces non debe doársenos unha consideración moi grande. Ademais eu son un rapaz inculto. Dada a inmensa estensión que debe ter unha cultura d´hoxe, eu teño lido tan pouco que resulto un verdadeiro analfabeto. Si vostede atopase, como dí, algunha novedade n´as miñas cousas , non pense que iso devén d´un detido estudo das correntes estéticas autuaes. Iso devén tan soio de que eu, esprito individoalista, rebelde e*

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)

> *simplista (tres carauteres de primitivismo) teño por única iñorma a de non ter ningunha...* (p.99).

En realidade Manuel Antonio séntese perdido desde a súa mocidade debido á ausencia en Galicia dunha estética anovadora, penso que por iso precisamente está a procura dunha liña que o oriente e poda abrirlle novas posibilidades na súa poética. Esta desorientación e a súa inquedanza reflíctense nestas palabras:

> *Porque eu non quero iñormas pero teño gustos e tendenzas. Inda que, en verdade, non sería moi capaz de determiñarmas a mín mesmo: son unha cousa lamentabelmente arreboada e desourentada, ademais d´un intranquío variamento n´elas. Mais todas elas, (....), son tan pouco concretas que me deixan un longo campo ceibe de toda imposizón formal* (p.100).

Tendo en conta esta reflexión e a súa sinceridade débese pensar que o noso poeta está a traballar na procura da súa estética que se afasta do que nese momento se escribe en Galicia: *Porque é desconsoladore en gran maneira o ruralismo que abafa a maior parte da nosa literatura* (p.101). Mais a pesar desta procura Manuel Antonio sabe que é anovador *Que eu son ultraista? N´o creio; mellor dito, non sei. Porque eu non sei ben o que é o ultraísmo. Eu só teño algunhas notizas "vía Risco", pero son pouco concretas. En realidade non se pode concretar moito porque o ultraísmo é case indefiníbel, por ser case acéfalo. de todas maneiras, as miñas cousas pubricadas non dan dereito a crerme un revoltario; son bastante mornas. Algunha d´as que gardo sin pubrigar podería chamarse avanzada* (p.116).

A necesidade de anovación percíbea Manuel Antonio desde a súa inquedanza poética ou artística, pero tamén a perciben algúns mais. A. Villar Ponte (3-Xaneiro-1922), que nun artigo escrito na Voz de Galicia fala do avanzado da poesía de Manuel Antonio, dille:

> *¿Qué lle parece como discorren c´os pes os vellos que non acertan a se morreren a tempo? Estes vellos que nos odian porque representámol-o espírito novo....Coido, porén,que o seu manifesto non estaría de mais agora. Xente moza, valente, d´avantgarde, compre que xurda* (p. 148).

Asimesmo Cebreiro ínstalle a facer xa o manifesto no mesmo mes que Villar Ponte:

> *Prégoche polo que mais queiras que fagas o manifesto, pois millor ocasión non pode-se atopar, como esta en que os vellos, como as ameijas quando lles votan limón, escomenzan a remexerse* (p. 150).

Ante esta urxencia Manuel Antonio manifesta a súa adhesión (p. 151) e públicase no mes de S. Xoán. No mes seguinte Alvaro Cebreiro (17-VII-1922) dille:

> *Perdón pola miña tardança. Estiven ocupado con o manifesto, que é discutidísimo;....Foi un éxito. Agora compre traballar. Nós somos os que hemos espertar a Galiza!* (p. 184).

Como se deduce a liña de Cebreiro e Manuel Antonio é a da renovación e desta maneira facer unha Galicia viva. Antón e Ramón Villar Ponte felicitan a Manuel Antonio polo manifesto e aléntano na loita (p. 186).

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)

Posteriormente o noso poeta céntrase na xestación do libro de poemas e négase a publicar poemas soltos. Desde o ano 23 ata o ano 28 Manuel Antonio dédicase ó seu libro, polo tanto os seus poemas están absolutamnete pensados, artellados cun gran maxisterio. Pero sexa o noso poeta nihilista, postmodernista, ou todo o que queiramos demostrar coas nosas investigacións, penso que o máis importante é que na súa obra poética están a súas inquedanzas. O poema *A voce n-o vento* pode ser un exemplo e coa trascripción do poema citado remato esta viaxe a Rianxo a carón de Manuel Antonio, viaxe que me enfeitizou, quizais polo fume da pipa do noso poeta.

A voce n-o vento

VEU n-o vento unha voce
Unha voce n-a noite
que non haxa quen-a escoite
hirmará-se a unha estrela que non loce
Veu n-o vento unha voce
Unha voce fuxitiva
veu c'a desacouganza
anónima e pensativa.
Trouxo o vento unha voce
e a voce unha inquedanza.
Veu n-o vento unha voce
e n-o quedo d´a estanza sereo
tivo un eco d´aleteo
ista anguria d´a lámpar que loce
Dispois
calou
Sigueu no vento
A lámpara
queda
soñou
Dispois
era moi débel
un remordimento (1920).

(Ed. de X .L. Axeitos, 1993)

Rafael Dieste interpretou este poema. Invito ó lector interesado á consulta da *Correspondencia de Manuel Antonio* páxina 84 de la edición de García Sabell, publicada en Galaxia en 1979, desta maneira coñecerá a opinión do outro rianxeiro. Ademais penso que unha vez aberto o libro xa non se pode deixar. Hai todo un pensamento neste epistolario que nos abre portas e nos aproxíma a un poeta singular que todos deberíamos ler.

ISSN 1616-413X

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)

Bibliografía citada:

AXEITOS, X.L., (2000): *Manuel Antonio*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura.

ANTONIO, Manoel (1979): *Correspondencia*, III. Ed. de D. García-Sabell. Vigo: Galaxia.

ANTONIO, Manuel (1993): *Poesía Galega Completa*. Ed. de X.L. Axeitos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

ANTONIO, Manuel (1998): *De catro a catro e outros textos*. Ed. de Raña Lama. Vigo: Xerais.

BDD-A5200 © 2000 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:41:26 UTC)